



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Aproximación aos proxectos de dixitalización para bibliotecas públicas

GRUPO: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

ÁREA: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 25/01/2014 - 08:00h ao 03/02/2014 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O presente curso pretende ser unha toma de contacto dos profesionais das bibliotecas públicas de Galicia coas posibilidades que ofrece a dixitalización para o seu catálogo de servizos.

Ao longo do curso intentaremos achegarnos de forma sinxela ás recomendacións de boas prácticas que debe de seguir todo proxecto de dixitalización e ás normativas e estándares internacionais que é preceptivo aplicar para lograr a maior visibilidade posible a través dos grandes programas de dixitalización nacionais e internacionais.

Tamén nos aproximaremos ao proxecto de Galiciana como vía integradora e de difusión dos distintos proxectos de dixitalización en Galicia e centrarémonos, fundamentalmente, en como dende unha biblioteca pública se podería contribuír ao enriquecemento da colección da Biblioteca Dixital de Galicia.

Por último trataremos de mostrar as posibilidades que Galiciana e os grandes agregadores a nivel nacional e europeo (Hispana e Europea) poden ofrecer para satisfacer as necesidades de información dos usuarios das bibliotecas públicas e veremos algúns exemplos dos proxectos de dixitalización máis destacados que se fan actualmente coa participación de bibliotecas públicas.

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas de Galicia.

PROGRAMA

1. ¿Que é un proxecto de dixitalización?
 - ¿Por que dixitalizar?
 - ¿Como é o proceso de selección?
2. Requisitos técnicos das imaxes
3. Xestión da colección dixital
 - Metadatos
4. Coñecer Galiciana, Hispana e Europea: utilidades para os usuarios das bibliotecas públicas
5. Práctica : ¿Como afrontar un proxecto de dixitalización dende unha biblioteca pública?
 - Exemplos de dixitalización con implicación de BP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Persoal das bibliotecas que realicen programas de dixitalización ou estean interesados en realizalos.
2. Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008)

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 24/03/2014 a 25/03/2014

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Elena Verdía Armada

NOELIA BASCUAS FERREIRO

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 4 (Informática): Os días 24 e 25 de marzo de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 10: Os días 24 e 25 de marzo de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA